



TURISMO
DE
GALICIA

Xacobeo  2027

CONXUNTURA TURÍSTICA EN GALICIA

Ocupación en aloxamentos turísticos INE
Xullo 2026



Este breve informe recolle unha síntese provisional da conxuntura turística de Galicia correspondente ao **mes de xullo de 2026**, medida a partir dos datos de ocupación nos establecementos de aloxamento turístico da comunidade –hoteis, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, turismo rural e albergues- fornecidos polo INE. Realízase, neste sentido, unha análise global para o conxunto do sector previa a un estudo máis pormenorizado en cada unha das tipoloxías de aloxamento mencionadas.

A análise realízase cunha perspectiva temporal para observar dinámicas de comportamento en relación ao pasado ano 2025 e anteriores.

O INE estima que neste mes de xullo abriron de media en Galicia uns 6.100 establecementos de aloxamento turístico que ofertaron algo máis de 150 mil prazas – cifra que supera nun 1,1% o dato do mesmo período do pasado ano-.

Apréciase neste sentido un comportamento variable a nivel das tipoloxías. En particular a oferta increméntase en catro delas, con intensidade variable -un 8,5% nos apartamentos turísticos, un 4% nos albergues e preto dun 2% nas pensións e cámpings-, mantense estable en turismo rural e descende unicamente nos hoteles -un 2% neste caso-.

XULLO 2026

Tab 1. Viaxeiros, noites, estadía media e grao de ocupación nos establecementos turísticos (INE)


TIPO DE ALOXAMENTO	VIAXEIROS		NOITES		ESTADÍA MEDIA		OCUPACIÓN	
	Nº	Var. 26/25	Nº	Var. 26/25	Nº	Var. 26/25	%	Var. 26/25
HOTEIS	478.642	0,1%	1.064.439	-1,5%	2,22	-1,6%	60,60%	0,11
PENSIÓNS	166.113	3,0%	270.137	4,3%	1,63	1,3%	42,85%	1,18
ESTAB. HOTELEIROS	644.755	0,9%	1.334.577	-0,4%	2,07	0,7%	55,89%	0,27
APTOS. TURÍSTICOS	47.012	2,9%	185.967	10,5%	3,96	7,4%	45,88%	0,87
CÁMPINGS	107.288	-4,5%	458.187	8,8%	4,27	14,0%	45,67%	0,21
TURISMO RURAL	28.563	6,8%	67.029	6,0%	2,35	-0,7%	39,04%	2,01
ALBERGUES	126.011	-19,8%	151.146	-12,1%	1,20	9,6%	36,08%	-6,56
ESTAB. EXTRAHOTEL.	308.874	-9,7%	862.328	4,6%	2,79	15,8%	-	-
TOTAL	953.629	-2,8%	2.196.905	1,5%	2,30	4,5%	-	-

- O segmento do aloxamento turístico de Galicia -hoteles, pensións, apartamentos turísticos, cámpings, aloxamentos de turismo rural e albergues- presenta agora en xullo un comportamento positivo. En particular, increméntase o volume de noites en relación ao pasado ano -un 1,5%- como consecuencia da mellora da estadía media -sobe un 4,5%- nun contexto no que descende a cifra de viaxeiros aloxados -un 2,8% neste caso-.
- Neste contexto Galicia rexistra 2,2 millóns de pernoctacións no conxunto do aloxamento colectivo no mes de xullo, cifra superior non só á do pasado ano senón a



toda a serie anterior a 2025. Supera tamén, en consecuencia, os valores previos á pandemia, consolidándose así como máximo da serie histórica deste sétimo mes. Cabe resaltar en todo caso que a comparativa cos últimos anos posteriores á crise amosa variacións de signo positivo pero de baixa intensidade, de feito o nivel de demanda do mes de xullo sitúase por encima dos 2,1 millóns de noites nos bienios 2022-23 e 2025-26.

Fig. 1. Volume de noites nos establecementos turísticos (INE). Xullo 2016-26



- Así, tal como se observa no gráfico anterior, apréciase nos datos de 2020 o impacto da crise provocada pola Covid19 na actividade turística de Galicia –o primeiro estado de alarma declarouse en marzo dese ano-. Rexistrárase unha perda de máis do 40%, tanto do número de viaxeiros como de noites –polo confinamento domiciliario e as restricións nas viaxes e desprazamentos polo territorio nacional-, circunstancia que se recupera totalmente en 2021 e se afianza en anos posteriores –acadando o máximo da serie histórica agora en 2026 con 2,2 millóns de noites por vez primeira neste sétimo mes-.
- Neste punto cabe ter en conta, en todo caso, que as comparacións anteriores a 2021 non son de todo exactas pois estes datos inclúen tamén, desde ese ano, as cifras dos albergues –que supoñen un incremento adicional de máis de 150 mil noites-. En ausencia de albergues a evolución sería similar, superando por vez primeira na serie histórica os 2,0 millóns de pernoctacións neste sétimo mes do ano.
- Neste mes Galicia colócase como o sétimo destino máis importante do Estado –igual a posición de xuño mais mellora o posto de meses anteriores-, representando o 3,3% do total estatal –a porcentaxe máis alta dos últimos meses-. Cataluña é agora en xullo o destino de maior volume e peso en termos de demanda turística con pouco máis de 14,0 millóns de pernoctacións –o 20,8% do total-. Lidera por vez primeira neste ano o ranking estatal, substituíndo a Baleares que encabeza a lista




de destinos españois nos últimos dous meses e a Canarias que o fixo desde outubro do pasado ano ata o mes de maio.

- Logo de Cataluña sitúanse a continuación Baleares –con preto de 12,7 millóns de noites-, Andalucía –con algo máis de 10,0 millóns de noites-, Canarias –con preto de 9,4 millóns-, a C. Valenciana –con máis de 7,1 millóns de noites- e Madrid –con case 2,9 millóns neste caso-. Estas seis comunidades agrupan neste mes ao 83% do total da demanda turística colectiva do conxunto de España. Nun segundo grupo sitúase Galicia –con 2,2 millóns de noites- por diante dos restantes destinos do Estado.
- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das comunidades autónomas. Unha parte delas –nove en particular- superan os niveis de demanda do pasado ano, grupo no que se inclúen as comunidades da España Verde, xunto con algunhas do norte peninsular e outras do mediterráneo. Lidera o crecemento Andalucía, comunidade que supera nun 5% o nivel do pasado ano, por diante de Asturias e Navarra. No lado contrario as subas máis moderadas localízanse en Galicia e no País Vasco –levemente por encima do 1% en ambas-.
- Dous destinos mantéñense en niveis parellos aos do pasado ano mentres que os seis restantes amosan caída do número de noites –con maior intensidade en Castela e León e Castela A Mancha, onde descende a demanda un 5% en relación ao pasado ano-.
- Galicia sitúase, por tanto, no grupo de comunidades de comportamento positivo, cunha taxa de crecemento suave e parella á do País Vasco.
- No conxunto de España o nivel de demanda mantense estable. En consecuencia, o comportamento de Galicia mellora nun punto a media do conxunto do Estado.
- A perspectiva en termos de peso amosa variacións de diversa índole pero de baixa intensidade. Practicamente todas as comunidades autónomas presentan variacións inferiores ao medio punto porcentual respecto do peso que tiñan en xullo do pasado ano, concluíndo con isto que o reparto territorial da demanda mantense relativamente estable. Por destacar os extremos observamos dunha banda Andalucía –que presenta o maior incremento de cuota de mercado mellorando en algo máis de medio punto porcentual a cifra do pasado ano- e, doutra banda, Baleares –que perde medio punto de representatividade neste caso-.
- O comportamento da demanda permite neste caso a todos os destinos situarse por encima das cifras previas á pandemia –con maior distancia o País Vasco e Navarra pois superan en case un 30% os valores de hai sete anos-. Marcan a excepción Baleares e Murcia, únicos destinos que non superan os valores de xullo de 2019 –mantéñense en cifras parellas-.
- Neste mes o 61% da demanda corresponde ao segmento hoteleiro –cun 49% para os hoteis e 12% para as pensións- mentres que o 39% restante fica no aloxamento extrahoteleiro, cun maior peso para os cámpings –por segunda vez consecutiva desde o verán pasado, co 21% do total, substituíndo aos albergues que lideraron este segmento na temporada media e aos apartamentos turísticos que o fixeron na temporada baixa- fronte ás restantes tres tipoloxías –cun 8,5% para os

apartamentos turísticos, un 7% para os albergues e un 3% para o segmento de turismo rural-.

- Esta estrutura diferénciase parcialmente da rexistrada nos seis primeiros meses do ano e aseméllase a un período de temporada alta, cun peso aínda importante pero decrecente do segmento hoteleiro e protagonismo crecente para o ámbito non hoteleiro, no que destacan singularmente os cámpings.


Fig. 2. Peso das diferentes modalidades de aloxamento turístico. Xullo 2026



- Obsérvase neste mes un comportamento variable da demanda a nivel das diferentes tipoloxías de aloxamento. Así en xullo catro modalidades conseguen superar o número de noites do pasado ano, con maior intensidade os apartamentos turísticos -rexistra un crecemento medio do 10,5%- e os cámpings -cun incremento do 9%- e de forma máis suave as pensións e os aloxamentos de turismo rural -cunha suba do 4% e 6%, respectivamente-.
- No lado contrario dúas modalidades presentan un comportamento negativo, con caída da demanda do 1,5% nos hoteis e do 12% nos albergues.
- O comportamento da demanda -número de noites- vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en todas as tipoloxías salvo no caso dos cámpings -neste caso crece o número de pernoctacións pola notable mellora da estadía media pois a cifra de viaxeiros aloxados cae un 4,5%- e nos hoteis -onde acontece o contrario, mantense estable o número de viaxeiros mais cae, se ben de forma pouco significativa, o número de noites-.
- Neste contexto cabe sinalar o comportamento observado nos cámpings pois consolida agora en xullo unha tendencia de crecementos consecutivos en case todos os meses de 2025 e en seis dos sete de 2026 -só se aprecia neste ano unha caída puntual en febreiro-, a taxas ademais importantes que superaban en intensidade as variacións observadas nas restantes tipoloxías.

- Esta dinámica mantén os niveis de demanda de todas as tipoloxías por encima dos valores anteriores á pandemia -con maior distancia os apartamentos turísticos e en valores máis próximos os hoteis-. Marcan a excepción os aloxamentos de turismo rural por canto se manteñen en niveis parellos aos de hai sete anos.
- O comportamento da demanda nos hoteis vén como consecuencia de contrapoñer variacións dispares nas diferentes categorías, tanto en dirección como en intensidade. Así neste mes crece o número de noites en dous segmentos, nos hoteis de dúas estrelas -cunha suba do 5%- e naqueles de tres estrelas -cun 2%-. A demanda mantense estable nos hoteis de catro e cinco estrelas e descende puntualmente no segmento baixo -hoteis dunha estrela, un 20% neste caso-.

Fig. 3. Variación interanual das noites en estab. turísticos. Xullo 2026/25, por tipoloxías




- No ámbito das pensións o comportamento ten un carácter homoxéneo apreciándose neste caso crecemento da demanda tanto naquelas de tres e dúas estrelas -do 1,4%- como nas de unha estrela -do 9% neste caso-.
- A variación dos niveis de demanda no ámbito turístico tradúcese neste mes, en termos absolutos, nunha diferenza positiva de algo máis de 33 mil pernoctacións respecto dos valores do pasado ano, dato que vén de agregar variacións de distinto signo e que se concentra principalmente nos cámpings -con máis de 37 mil novas pernoctacións en relación ao mes de xullo de 2025-.
- O comportamento da demanda varía nas diferentes tipoloxías de aloxamento e nas diferentes comunidades autónomas. Neste mes ningún destino consegue homoxeneidade completa nas variacións da demanda no sentido de que presentan variacións de distinto signo do número de noites en todas as modalidades de aloxamento. En consecuencia, practicamente todas as comunidades rexistran dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxía.



- Con carácter xeral apréciase mellor comportamento no aloxamento de turismo rural -neste segmento dez comunidades autónomas amosan resultados positivos- fronte ás restantes tipoloxías. Asturias é o destino de maior crecemento da demanda. No lado contrario cinco amosan caídas de diversa intensidade.
- No ámbito dos apartamentos turísticos obsérvase tamén un comportamento positivo importante, con nove destinos superando as cifras do pasado ano -lidera en intensidade Navarra, por diante de Estremadura e Andalucía-. Tres destinos mantéñense en cifras parellas mentres que as restantes cinco comunidades amosan caídas do número de noites -con maior intensidade na C. Valenciana-.
- No ámbito dos cámpings é Canarias a comunidade que lidera o crecemento da demanda a nivel estatal por diante de Madrid e Asturias. Neste caso son tamén nove os destinos de comportamento positivo, dous os que manteñen estable o nivel de demanda e seis con dinámica negativa -Murcia rexistra novamente a caída máis notoria-.
- No segmento hoteleiro a situación é tamén variable sendo maioría as comunidades de comportamento negativo. Así seis destinos sitúanse por encima dos niveis de demanda de 2025, con Navarra á cabeza en intensidade. Tres destinos mantéñense en cifras parellas mentres que a maioría -oito en total- amosan caídas de diversa intensidade -neste punto son Castela A Mancha e Castela e León os destinos con peor comportamento a nivel estatal-.
- Presenta tamén comportamento variable a nivel territorial o segmento dos albergues pois neste caso son sete as comunidades de dinámica positiva -a C. Valenciana rexistra o incremento de maior intensidade-. Un mantense en cifras parellas -Navarra neste caso- mentres seis destinos amosan, en cambio, caídas da demanda. Por ausencia de datos non se poden estimar variacións interanuais para tres comunidades autónomas.
- Galicia colócase neste caso en posicións variables, con mellor comportamento relativo no segmento dos cámpings -é a quinta comunidade autónoma con maior crecemento en termos relativos-, e peor comportamento relativo nos albergues -coa caída da demanda sitúase nunha posición media-baixa no ranking estatal-.
- En termos de volume Galicia ocupa posicións variables nas diferentes modalidades de aloxamento. Ocupa mellor posto no ranking estatal do segmento dos albergues -é a comunidade con maior volume de noites nesta tipoloxía, por terceiro mes consecutivo- mais descende á posición número cinco no ámbito dos cámpings, número sete no segmento hoteleiro e nos apartamentos turísticos e sitúase en lugares inferiores -posto número 11- no segmento de turismo rural.
- Neste mes, o 77% da demanda corresponde ao turismo de ámbito nacional, que engloba ao interno -dos residentes en Galicia, segmento que supón o 26% do total- e ao que procede das restantes comunidades autónomas -mercado receptor nacional, segmento maioritario que representa o 51%-. O mercado internacional absorbe a porcentaxe restante, o 23% do total da demanda neste caso -porcentaxe importante mais inferior por vez primeira nos últimos catro meses á do interno-.

- Esta estrutura cambia en relación á observada nos últimos meses -na temporada media, en maio por exemplo, o peso do turismo estranxeiro supera o 40% mais na temporada baixa fica por debaixo do 25%-.
- Estas porcentaxes están referidas ás pernoctacións e cambian levemente en relación ao observado desde o lado dos viaxeiros aloxados. Neste caso o peso do mercado nacional sitúase no 69% -sete de cada dez-, cun 20% para o interno e 49% para o que procede do resto do Estado, ficando a parte restante -o 31%- para o estranxeiro.

Fig. 4. Peso dos mercados nacional e estranxeiro no conxunto do aloxamento colectivo. Xullo 2026




- A nivel de mercados obsérvase un comportamento variable neste mes. Así en xullo increméntase o turismo interno, dos residentes en Galicia -un 3,2% o número de noites- así como o internacional -un 5,5% neste caso-. Descende, en cambio, o turismo receptor nacional -españóis que proceden doutras comunidades autónomas-, un 1% en relación ao pasado ano. A variación deste último é de baixa intensidade, e mesmo se pode falar de relativa estabilidade en termos interanuais.
- O crecemento da demanda interna -un 3,2% o número de noites- eleva o volume final a 580 mil pernoctacións, cifra que desde unha perspectiva de longo prazo supón un máximo da serie histórica. É a primeira vez que o nivel de demanda dos residentes en Galicia supera as 570 mil noites neste sétimo mes do ano. No curto prazo este incremento supón o quinto consecutivo neste ano, logo dos pequenos axustes rexistrados en xaneiro e febreiro.
- Sobe tamén o turismo internacional -nun 5,5% o número de noites-, colocando o volume final por encima do medio millón de noites por vez primeira na serie histórica do mes de xullo. Nunca antes o mercado estranxeiro conseguira superar as 500 mil pernoctacións neste sétimo mes do ano.



- O turismo receptor nacional presenta en cambio unha dinámica negativa mais o descenso é de tan baixa intensidade que en realidade pode falase de certa estabilidade no longo prazo. Con 1,1 millóns de pernoctacións o segmento dos españois residentes fóra de Galicia mantense en cifras parellas ás dos últimos cinco anos. En sentido estrito o máximo da serie histórica rexistrouse en 2022 con 1,13 millóns de noites.
- Todas as porcentaxes están referidas ás pernoctacións e proveñen de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados no caso do mercado receptor, tanto nacional como internacional, con pequenos axustes da estadía media. O interno amosa en cambio unha variación dispar de ambas variables, pois descende a cifra de viaxeiros residentes en Galicia mais unha notable mellora da estadía media leva a incrementar en termos globais o número de noites.
- A diferenza de dirección e intensidade na variación da demanda leva a que haxa pequenos cambios na estrutura da mesma. Neste sentido, mellora neste mes o peso do turismo interno -suavemente, arredor de medio punto porcentual- e o do internacional -preto dun punto neste caso-. Descende, en cambio, o peso do mercado receptor nacional -en algo máis dun punto neste caso-.
- O turismo de ámbito nacional é maioritario en todas as tipoloxías consideradas, en porcentaxes que se sitúan no contorno do 60% nos albergues, levemente por encima do 70% no segmento de turismo rural, arredor do 75% nos hoteis e pensións, e por encima do 80% nos apartamentos turísticos e nos cámpings. Estes últimos presentan o maior peso do mercado nacional pois representan preto do 85% do total das noites.


Fig. 5. Distribución da demanda por procedencia e tipo do aloxamento. Xullo 2026






- Este mes, ao contrario do que viña acontecendo nos tres últimos, todas as modalidades de aloxamento presentan maior volume e peso do mercado nacional fronte ao internacional. Acontece isto por vez primeira nos últimos catro meses, igual que o que se viña observando na temporada baixa, período no que se apreciaba maior presenza do turismo nacional fronte ao internacional en todas as modalidades, tamén nos albergues -igual que no verán, por exemplo-. En realidade os albergues presentan habitualmente un perfil da demanda diferentes ás restantes tipoloxías, con maior peso do internacional -esta característica tamén se aprecia puntualmente noutras modalidades, por exemplo, en maio nas pensións-.
- O reparto do peso do turismo nacional e internacional nas diferentes tipoloxías esconde diferenzas a nivel interno. En realidade, tendo en conta os tres grandes segmentos obsérvase que na maior parte das modalidades o segmento de maior volume e peso é o receptor nacional. Así acontece en todas salvo nos cámpings, onde o segmento de maior volume e peso é o turismo interno -supón o 56% do total das pernoctacións-. O peso do mercado receptor nacional achégase ao 60% do total nos apartamentos turísticos.
- En cambio o turismo internacional supón menos do 20% das noites nos apartamentos turísticos e nos cámpings, o 25% no ámbito hoteleiro, preto do 30% en turismo rural e o 40% nos albergues. Nesta última tipoloxía, se contamos co receptor nacional que absorbe tamén unha cuota importante -o 46% do total- da como resultado que o turismo receptor supón o 86% do total das noites. O mercado interno absorbe tan só o 14% das pernoctacións.
- O turismo interno é o segmento de menor peso en tres modalidades: no ámbito hoteleiro, no conxunto dos aloxamentos de turismo rural e nos albergues.

Fig. 6. Var. Noites por procedencia e tipo do aloxamento. Xullo 2026/25






- A nivel de tipoloxía e mercados apréciase neste mes un comportamento variable tanto na dirección como na intensidade. Os tres segmentos de mercado presentan dinámicas positivas e negativas en función da tipoloxías de aloxamento, sendo maioría as que rexistran crecemento en termos interanuais.
- O turismo receptor nacional é o que presenta peor comportamento por canto crece en tan só tres modalidades de aloxamento -un 3% no segmento de turismo rural, un 8% nos cámpings e un 10% nos apartamentos turísticos-. Descende, en cambio, no ámbito hoteleiro -pouco máis do 1%- e novamente nos albergues -un 24% neste caso-.
- O mercado internacional presenta en cambio mellor comportamento pois consegue resultados positivos en todas as modalidades de aloxamento agás nos albergues -onde rexistra unha caída global do 9%- . Os crecementos son de intensidade variable e van do 5% no ámbito hoteleiro, ao 12% nos apartamentos turísticos, ao 15% nos cámpings e ao 18% en turismo rural.
- O mercado interno amosa en cambio un perfil máis variable. Crece en tres modalidades -un 8% nos cámpings, un 11% nos apartamentos turísticos e en máis dun 50% nos albergues-, mantense estable no segmento de turismo rural, e descende unicamente no ámbito hoteleiro -un 5% neste caso-.
- Desta maneira só dúas tipoloxías -os apartamentos turísticos e os cámpings- presentan un comportamento homoxéneo dos tres grandes segmentos de mercado -con crecementos globais-. As tres restantes modalidades amosan variacións de signo positivo e negativo en función do mercado de referencia.
- Con esta dinámica a estrutura dos mercados cambia en cada tipoloxía de aloxamento. Así o turismo interno gaña peso de forma notable nos albergues -en seis puntos porcentuais-, manténdose estable nos apartamentos turísticos e cámpings e perdendo cuota nos segmentos hoteleiro e de turismo rural -nun punto porcentual en ambos-. O receptor nacional presenta peor dinámica pois perde peso no ámbito de turismo rural e nos albergues -en sete puntos neste último- manténdose estable nas restantes modalidades. O internacional, en cambio, gaña peso en catro tipoloxías -en algo máis dun punto no segmento hoteleiro, nos cámpings e nos albergues, e en tres puntos en turismo rural-. Mantén estable a cuota nos apartamentos turísticos.
- A estadía media global sitúase en 2,3 noites, cifra que en termos globais supera nun 4,5% o dato do mesmo período do pasado ano. Fica, en cambio, por debaixo do valor previo á pandemia -circunstancia que neste mes vese parcialmente afectada pola presenza dos albergues no cómputo global, tipoloxía que presenta a cifra máis baixa de toda a oferta de aloxamento-.
- Con esta suba a estadía media de xullo de 2026 sitúase na máis elevada dos últimos cinco anos froito dos crecementos consecutivos rexistrados desde 2023. Iguala o nivel de 2021 -verán no que aínda existían medidas restritivas da pandemia- mais continúa por debaixo dos valores previos á crise.

Fig. 7. Estadía media nos establecementos turísticos. Xullo 2026

- Os cámpings e os apartamentos turísticos rexistran neste mes a cifra máis alta do conxunto da oferta -con 4,3 e 4,0 noites de media, respectivamente-, marcando diferenza coas restantes modalidades que fican ben por encima das dúas noites -caso dos aloxamentos de turismo rural, con 2,4 noites de media- e dos hoteis -con 2,2 noites- ou ben por debaixo desa cifra -con 1,6 noites as pensións e 1,2 noites os albergues-.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en catro modalidades de aloxamento: de forma significativa nos cámpings -nun 14%-, cunha suba importante nos albergues -do 10%- e nos apartamentos turísticos -do 7%- e de forma suave, case imperceptible nas pensións. Mantense estable nos aloxamentos de turismo rural e descende apenas un 2% nos hoteis.
- Neste mes Galicia sitúase nunha posición baixa no que atinxe ao valor da estadía media -supera o valor de catro comunidades autónomas, circunstancia que en todo caso mellora o observado en meses anteriores cando rexistraba sempre a cifra máis baixa do Estado-. Canarias, con 6,5 noites, marca o valor máis elevado -tal como acontece en practicamente todos os meses-. Seguen en orde de importancia Baleares -con 5,1 noites de media- e a C. Valenciana -con 4,2 noites neste caso-. No lado contrario o valor máis baixo localízase en Estremadura, con menos de dúas noites neste caso.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en seis comunidades autónomas -lidera este ranking xustamente Galicia coa suba do 4,5%-, mantense estable en catro e descende nos restantes sete destinos -rexistrando Estremadura a caída máis notable, do 4% neste caso-.
- En termos de ocupación obsérvase un comportamento algo diferente ao rexistrado do lado da demanda. Neste sentido só tres tipoloxías melloran o dato do pasado ano como consecuencia da evolución positiva do número de noites. Sobe así a

ocupación nun punto porcentual nas pensións e nos apartamentos turísticos, e en dous puntos nos aloxamentos de turismo rural.

Fig. 8. Ocupación por prazas e variación interanual en estab. turísticas. Xullo 2026



- A ocupación mantense relativamente estable nos hoteis e nos cámpings -cunha variación inferior ao punto porcentual, como consecuencia de evolucións parellas da oferta e da demanda- e descende unicamente nos albergues -por unha caída do número de noites-. A caída supera os seis puntos porcentuais.
- Os hoteis continúan rexistrando a porcentaxe de ocupación máis alta do conxunto da oferta de aloxamento, cun 60,6% de media neste mes.
- As restantes tipoloxías presentan unha porcentaxe inferior e variable, superando o 40% nas pensións, apartamentos turísticos e cámpings -estes dous últimos ocupan arredor do 46% das prazas-, e situándose por debaixo do 40% nos aloxamentos de turismo rural e nos albergues. Neste mes a porcentaxe máis baixa localízase xustamente nos albergues, cun 36,1% de media.
- En termos de emprego obsérvase neste mes certa estabilidade no número de empregados no aloxamento colectivo, mantendo desta maneira o volume final en máximos da serie histórica con algo máis de 13.200 traballadores. Sete de cada dez empregados corresponden ao segmento hoteleiro, ficando o 30% restante repartida entre as diferentes modalidades non hoteleiras.
- O volume de emprego crece en dúas tipoloxías -en máis dun 45% nos albergues, e nun 16% nos apartamentos turísticos-, mantense relativamente estable no segmento de turismo rural e descende no ámbito hoteleiro -un 4%- e nos cámpings -un 7% neste caso-.